

**SESIÓN ORDINARIA CONXUNTA DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES DO DÍA 21 DE
OUTUBRO DE 2021**

**COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, ECONOMÍA, FACENDA, RECURSOS HUMANOS E
DESENVOLVEMENTO SOCIOECONÓMICO**

Rogos e preguntas

Rogo do PP presentados por escrito

Rexistrado de entrada ao núm. 999/5370, o día 18 de outubro de 2021, xunto co resto de rogos e preguntas presentados para as comisións informativas.

Único. Á vista da eliminación polas entidades financeiras Abanca e Banco Santander do único caixeiro automático existente na urbanización da Barcala e do desmantelamento da sucursal existente no Temple, respectivamente, desde o Grupo Municipal Popular reiteramos a nosa petición dos pasados meses de xullo e setembro ao alcalde de Cambre para que realice as xestións necesarias para que por ambas entidades bancarias se rehabilite a prestación dun adecuado servizo aos veciños da urbanización A Barcala e á parroquia do Temple e por extensión a todos os veciños do municipio de Cambre.

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, recolle o rogo.

Preguntas do PP presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/5370, o día 18 de outubro de 2021, xunto cos rogos e demais preguntas presentados para as comisións informativas.

1ª-2ª e 3ª Nos últimos días vimos como a prensa se facía eco da declaración efectuada pola AEAT, que colocaba a Cambre no segundo posto de municipios con maior renda per cápita de Galicia, dentro dos 100 pobos de maior renda per cápita de España. Tamén fomos testemuñas das sucesivas notas de prensa enviadas desde o Goberno local de Cambre aos diferentes medios de comunicación, sobre as reunións e pescudas levadas a cabo polos seus membros para obter a confirmación e explicación da AEAT sobre o ascenso operado polo noso municipio, de aí que desde o Grupo Municipal Popular preguntemos ao equipo de goberno:

- Que xestións se realizaron para coñecer tan repentino e inesperado ascenso?

- Quen levou a cabo estas xestións en nome do Goberno local de Cambre?
- Resultado das ditas xestións

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, contesta que, unha vez publicado por un medio de comunicación esta información, e vendo que eran datos bastantes sorprendentes, ela mesma contactou con varios departamentos, tanto da Axencia Tributaria como do Ministerio de Facenda e Función Pública e que ao final remitírona ao departamento de prensa da Axencia Tributaria, dende o que lle informaron que o conxunto de rendas do capital mobiliario pasou dos 6 millóns en 2018 aos 196 millóns en 2019. Ademais, sinalan que a suba experimentada na renda bruta pode producirse por dúas razóns: ou ben responde ao aumento do capital mobiliario ou a un cambio de domicilio fiscal dunha ou varias persoas.

Don Daniel Mallo Castro, de UxC, informa que as seguintes preguntas presentadas polo PP se contestarán por escrito, porque son da Alcaldía:

4ª Á vista da eliminación polas entidades financeiras Abanca e Banco Santander do único caixeiro automático existente na urbanización A Barcala e do desmantelamento da sucursal existente no Temple, respectivamente, desde o Grupo Municipal Popular solicitamos información sobre as xestións que se levaron a cabo polo alcalde de Cambre con ambas entidades bancarias para rehabilitar a prestación dun adecuado servizo aos veciños da urbanización A Barcala e á parroquia do Temple, e por extensión a todos os veciños do municipio de Cambre.

5ª e 6ª Nos últimos días fomos coñecedores da reunión levada a cabo polo alcalde-presidente do Concello de Cambre con veciños da urbanización Os Castros do Bosque, de Cecebre. Non sendo públicas, pese a ter reiterado por este Grupo Municipal Popular, a axenda do alcalde e demais membros do Goberno municipal, como ocorre noutros concellos de similar poboación e características de Cambre, desde o Grupo Municipal Popular requirimos ao alcalde de Cambre que informe sobre:

- Asuntos tratados cos veciños da dita urbanización.
- Xestións levadas a cabo con outras administracións públicas á vista dos compromisos adquiridos cos veciños da referida urbanización.

Pregunta de AV presentada por escrito

Rexistrada de entrada ao núm. 999/5371, o día 18 de outubro de 2021, xunto co resto de preguntas presentadas para as comisións informativas.

Única. Xa case rematado este 2021, o primeiro do Xacobeo 21-22, preguntamos se se ten pensado fomentar en colaboración coa Igrexa un maior uso turístico da igrexa de Santa María.

Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, contesta que descoñece que ten que ver o uso turístico da igrexa de Cambre co Xacobeo e que a igrexa está en todos os foros, visitas guiadas, etc.

**COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, OBRAS, SERVIZOS, SEGURIDADE CIDADÁ,
EDUCACIÓN, MOBILIDADE, MEDIO AMBIENTE E SANIDADE**

Rogos e preguntas

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/5370, o día 18 de outubro de 2021, xunto co resto de rogos e preguntas presentados para as comisións informativas.

1º Veciños da parroquia do Temple comunicánnos que o parque situado na rúa Estanque e a praza de Urbano Lugrís amosa o estado que reflicten as fotografías que se achegan, na que o valado, o seu recinto provisional, impide a utilización de varios bambáns e instalacións situados nel.

De aí que, desde o Grupo Municipal Popular solicitemos do concelleiro competente que logo do informe sobre o motivo de tal valado e clausura, se adopten as medidas oportunas para que, á maior brevidade, sexa posible que os veciños poidan desfrutar delas.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta que se trata da praza Manuel Lugrís, e que se adxudicou un contrato de mantemento de zonas infantís, que se empezou coas actuacións de reforma e mellora pola zona urbana e logo seguirase cara ao rural, polo que se acepta o rogo.

2º Nos últimos meses vimos como o Goberno local de Cambre provocou, incluso co informe desfavorable da Secretaría municipal, a desaforada inclusión de camiños no Inventario de bens e dereitos municipal. Inclusión que, unha vez producida non vai seguida das medidas necesarias para o seu mantemento e conservación por parte do noso concello.

Como ocorre co camiño de baixada cara ao campo de fútbol existente en Peiraió, moi transitado ademais polas persoas que acoden ao río, camiño introducido hai máis de dous anos no dito inventario e que a día de hoxe amosa o deplorable estado que amosan as fotografías que se achegan. De aí que, o Grupo Municipal Popular se interesa que se leve a cabo o adecuado mantemento e conservación dos camiños que se atopan incluídos no Inventario de bens e dereitos municipal, entre os que se atopa o camiño de baixada ao campo de fútbol e ao río en Peiraió.

Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, di que se acepta o rogo, que hai que manter os camiños e que se está facendo, pero que este ano aínda non se vai arranxar este.

3º Veciños de Sobreguexe reclaman un adecuado mantemento e estado das beirarrúas que se atopan neste lugar da parroquia de Cecebre, nas que, tal e como se reflicte nas fotografías que se achegan, tamén é deficiente a roza, xa que as matogueiras e herbas invaden as beirarrúas.

De aí que, desde o Grupo Municipal Popular se interese que leven a cabo o adecuado mantemento, limpeza e roza das beirarrúas e arredores, en Sobreguexe.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, di que recolle o rogo.

4º Usuarios da Escola municipal de música en Sigrás infórmanos dunha nova pintada de grandes dimensións no muro existente xunto ao aparcadoiro situado baixo a praza de acceso; tal e como se aprecia nas fotografías que se achegan.

Á vista de que as pintadas en muro adoitan ser reclamo doutras novas, desde o Grupo Municipal Popular se interesa do concelleiro competente que se adopten as medidas necesarias para que se borre á maior brevidades posible, a dita pintada.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, di que xa está avisada a empresa EMSO para que limpen.

5º A principios deste mes de outubro, veciños de Peiraio, na cambresa parroquia de Bribes, viron como unha pa escavadora empezou a furar o solo e realizar obras de cimentación dun terreo anexo ao seu local veciñal (tal e como se aprecia nas fotografías que se achegan), do que máis tarde parecen ser obras executadas por Emalcsa para instalar unha torre con serea, coa finalidade de avisar aos residentes no caso de emerxencia, descoñecendo quen deu permiso para a súa instalación.

Sexa como fora, o certo e verdade é que as obras non contaban co preceptivo cartel anunciador delas que, como estamos vendo e xa foi posto de manifesto por este grupo municipal o pasado mes de setembro, é práctica habitual no noso concello.

De aí que, desde o Grupo Municipal Popular se interese que polo concelleiro competente se adopten as medidas necesarias para cumprir coa obriga legal de colocar o cartel anunciador das obras que se estean executando no noso municipio.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, di que se abriu expediente disciplinario, en principio informativo, ao propietario da parcela.

6º Como acabamos de relatar, no pleno ordinario do pasado mes de setembro, este Grupo Municipal Popular recordou que as necesarias obrigas de publicidade e transparencia obrigan a publicar, mediante paneis informativos, as obras, tanto públicas como privadas que se realizan en calquera intervención. Paneis non que se recollen unha serie de datos como o promotor, tipo de intervención, datas de inicio e de terminación das obras e amparo municipal mediante licenza ou permiso.

Tralo compromiso adquirido no dito pleno polo concelleiro de Urbanismo, Sr. González Leirós, de dar instrucións aos operarios do concello para cumprir coa dita obriga de publicidade, este Grupo Municipal Popular tivo coñecemento, entre outras, que nas obras que se están levando a cabo no terreo sito no lugar de Samosteiro, Cambre, identificado coa referencia catastral 3234501NH5933N0001JX, tampouco conta co dito papel identificativo, razón pola cal se interesa que polo concelleiro de Urbanismo se adopten, a maior brevidade posible, as medidas oportunas para dar cumprimento á dita obriga.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, di que mentres non hai licenza, non é obrigatorio instalar carteis e que, ademais, estaríamos ante unha comunicación previa.

Preguntas do PP presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/5370, o día 18 de outubro de 2021, xunto cos rogos e demais preguntas presentados para as comisións informativas.

1ª e 2ª Nos últimos días, os veciños do Temple sufriron obras na Tapia, á altura da súa intersección coa rúa Constitución, tal e como se aprecia na fotografía que se achega, que provocou que a entrada a esa rúa se atopase cortada durante uns días, co lóxico atasco en ambas vías.

De aí que, desde o Grupo Municipal Popular se interese que polo concelleiro competente se informe sobre:

- O motivo que provocou as ditas obras en fin de semana e as intervencións levadas a cabo.
- Custo delas.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, di que se trata dunha rotura na canalización de auga da presa de Cecebre a Oleiros e que quen asume o gasto será o servizo de auga de Oleiros, Sergesco. Engade que a estrada na que se efectúan as obras é de titularidade autonómica.

3ª Como xa puxemos de manifesto nos rogos que precederon, a principios deste mes de outubro, veciños de Peiraió, na cambresa parroquia de Bribes, viron como unha pa escavadora empezou a furar o solo e realizar obras de cimentación nun terreo anexo ao seu local social (tal e como se aprecia nas fotografías que se achegan), do que máis tarde parecen ser obras executadas por Emalcsa para instalar unha torre con serea, coa finalidade de avisar aos residentes en caso de emerxencia.

Á vista da desinformación existente ao respecto, desde o Grupo Municipal Popular se interesa que polo concelleiro competente, se informe nestas comisións informativas dos expedientes existentes no noso concello con ocasión ou por causa das ditas obras.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, di que se abriu expediente disciplinario, en principio informativo, aos titulares da parcela, a asociación de veciños, e que as obras están paralizadas.

Neste punto intervéñen dona María José García Hidalgo, de C's, e pregunta que por que se lle abre expediente á asociación.

Don Juan González Leirós contesta que a obriga do concello é dirixirse contra os propietarios e que estes deberán manifestar o que está pasando para que o concello actúe, de ser o caso, contra quen proceda.

4ª Nas comisións informativas do pasado mes de setembro o Grupo Municipal Popular reiterou a súa solicitude do mes de xullo para que polo concelleiro competente se adoptaran as medidas necesarias para resolver á maior brevidade posible os problemas de insalubridade e perigo de incendios advertidos no terreo situado na rúa Sixto, de Cambre, que se recolle nas fotografías que se achegan.

Terreo no que se observaba un evidente estado de abandono, con proliferación de vexetación, silvas e matogueiras que invaden rúas e inmobles lindeiros, convertendo nun auténtico perigo de incendio e nun foco de insalubridade, que a seguridade dos cambreses obrigaba a corrixir á maior brevidade posible.

Transcorridos máis de tres meses desde aquela petición e tras o compromiso adquirido polo concelleiro de Urbanismo, desde o Grupo Municipal Popular pregúntase ao referido concelleiro que progresos houbo no último mes para resolver os problemas de insalubridade e perigo de incendios advertidos no mencionado terreo.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, di que unha das parcelas xa se limpou e, respecto da outra, remitiuse a notificación da resolución de incoación do expediente de limpeza ao BOE, pois trátase dun propietario descoñecido.

5ª Tras a contestación recibida nas comisións informativas do pasado mes de setembro ao noso rogo referido á falta de limpeza e roza dun dos inmobles da urbanización Os Castros do Bosque, na cambresa parroquia de Cecebre, no que, tal e como se aprecia nas fotografías que se achegan, leva máis de un ano sen limpar nin rozar, o que o converte nun auténtico foco de incendios, e insalubridade, desde o Grupo Municipal Popular pregúntase ao concelleiro competente polos avances levados a cabo este último mes para resolver o problema advertido, isto é, a limpeza e roza do terreo referido na urbanización Os Castros do Bosque.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, di que xa se notificou, pero que o propietario é a sociedade Aliseda, polo que ten que ir a acordo do consello de administración, que está en Madrid, e iso dificulta moito a tramitación do expediente.

6ª Tras a contestación remitida a este Grupo Municipal Popular nas comisións informativas do pasado mes de setembro respecto da retirada da rúa Ramón Cabanillas do Temple dun vehículo turismo, de cor branca, que se atopa abandonado desde polo menos o mes de novembro de 2019, desde o Grupo Municipal Popular interésase do concelleiro competente que se informe sobre os avances levados a cabo nas xestións para retirar ese vehículo da vía pública.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, di que se trata dunha casuística especial pois o propietario do vehículo está falecido. O fillo xa fixo a renuncia e presentou a documentación, polo que nos próximos días pasarase a retiralo.

Preguntas de AV presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/5371, o día 18 de outubro de 2021, xunto co resto de preguntas presentadas para as comisións informativas.

1ª Hai uns meses preguntamos polo estado no que se atopa o acceso á AP-9 na Casa das Palmeiras, só se nos contestou que se requirira o arranxo, motivo polo cal preguntamos en que situación se atopan esas “conversas”.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta que remitiron toda a documentación no mes de xuño e a día de hoxe aínda non recibiron ningunha contestación.

2ª Referente ao programa Mañanceiro, e despois de algo máis dun mes de que comezase o curso escolar, preguntamos se se está a dar servizo a todas aquelas familias que o necesitan ou se hai lista de agarda.

Don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, concelleiro delegado da Área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade, contesta que non houbo lista de agarda.

3ª A que é debido o “precinto” no Parque da Igrexa, que se aprecia na foto adxunta?.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta que se trata dunha fuga que aínda non se localizou.

4ª Que medidas se están tomando dende o concello para que o Sergas mellore o servizo que a veciñanza de Cambre merece?

Don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, concelleiro delegado da Área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade, contesta que se solicitarán os servizos de fisioterapia, pediatría, radiodiagnóstico, persoal de atención ao público e atención presencial.

Pregunta presentada oralmente por C's

Dona María José García Hidalgo pregunta se o próximo pleno se celebrará con asistencia de público.

O señor presidente di que o valorarán.

COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, DEPORTES, XUVENTUDE E BENESTAR SOCIAL

Rogos e preguntas

Rogo do PP presentados por escrito

Rexistrado de entrada ao núm. 999/5370, o día 18 de outubro de 2021, xunto co resto de rogos e preguntas presentados para as comisións informativas.

Único. No campo de fútbol de Peirao, as máquinas si lograron acceder para rozar a maleza que ocupaba toda a súa superficie pero, dende hai tempo, obsérvase o calamitoso estado das porterías, que fan imposible a práctica deste deporte nel, tal e como se aprecia na fotografía que se achega.

De aí que, desde o Grupo Municipal Popular se interese que se substitúan as porterías do campo de fútbol de Peiraió.

Don Daniel Mallo Castro, concelleiro delegado da Área Cultura, Deportes e Xuventude, di que se retirarán as porterías e que falarán cos veciños e veciñas para saber se queren seguir co campo de fútbol ou non, pero que de momento van retiralas.

Preguntas de AV presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/5371, o día 18 de outubro de 2021, xunto co resto de preguntas presentadas para as comisións informativas.

1ª En que estado se atopa, a día de hoxe, o proxecto Prisma.

Dona Lúa Sanguñedo Álvarez, concelleira delegada da Área de Benestar Social, di que presentaron todo pola sede electrónica o pasado venres.

2ª-3ª e 4ª Cal é o persoal en activo (desagregado en fixo ou laboral) do departamento de Servizos Sociais?

Hai listaxes de contratación existentes?

Cal e a previsión de crecemento do departamento?

O presidente da Comisión di que se trata de preguntas referidas a materias propias da Comisión informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento socioeconómico polo que non se van contestar.

Don Raúl Varela Fraguío di que ben puideron advertírllelo durante a celebración da citada comisión pois puideran telas formulado aí.

Don Daniel Mallo Castro contesta que el non presidiu a dita Comisión.